
II CARREIRA POPULAR CONCELLO DA BAÑA

DATA: 3 de maio de 2026

LUGAR: Praza do Concello , San Vicente, A Baña

1. O Concello da Baña organiza co control técnico da Federación Galega de Atletismo a segunda edición da Carreira Popular Concello da Baña, o domingo 3 de maio.

2. As probas realizaranse o domingo, 3 de maio, na localidade de San Vicente,A Baña. A saída e chegada de cada proba farase na praza do Concello (inmediacións da Casa do Concello)

3. Na carreira poderán participar todas aquelas persoas que o desexen, con ou sen licenza federativa. O control da carreira estará a cargo do Comité de Xuíces da Federación Galega de Atletismo.

4. As inscricións da carreira en todas as súas categorías realizaranse a través da web [www. carreirasgalegas.com](http://www.carreirasgalegas.com). O prazo de inscrición para a carreira popular rematará o mércores 29 de abril ás 23:59 horas.

PREZOS DA INSCRICIÓN

Categorías escolares (de biberón a sub- 18): GRATUÍTA

Proba absoluta (senior e master): 7 €

* Poderase formalizar o pagamento a través da pasarela de pago na propia web.

** Non se admitirán inscricións fora do prazo establecido, nin o día da carreira.

5. Os dorsais retiraranse na secretaría da organización situada na Casa do Concello (Praza do Concello, San Vicente) o día anterior á carreira (sábado, 2 de maio) en horario de 17:00 a 20:00 horas ou no mesmo día da carreira ata media hora antes da proba correspondente.

6. A carreira estará controlada ao longo de todo o percorrido a través dun chip estará integrado co dorsal de competición. Todo/a corredor/a que chegue á meta sen o seu dorsal, será automaticamente descualificado/a.

7. TROFEOS

▣ Recibirán un trofeo os/as tres primeiros/as clasificados/as de cada categoría establecida no presente regulamento e tamén os/as tres primeiros/as clasificados/as da proba absoluta de 5k e 10k .

▣ Na proba absoluta de 5k e 10k recibirán un trofeo os/as tres primeiros/as clasificados/as locais empadroados/as no Concello de A Baña.

▣ Tamén recibirán un trofeo os 3 primeiros clubs da carreira absoluta. Os premios non serán acumulativos, de xeito que ningún corredor/a poderá recibir dous trofeos (agás os premios aos/ás atletas locais). 10 K

A clasificación de clubs establecerase a través 3 das primeiras persoas clasificadas do mesmo, sexan homes ou mulleres, pola suma dos seus postos. Os mesmos deberán estar compostos polo menos por 4 compoñentes que crucen a liña de meta e que teñan a licenza federativa en vigor. Para entrar nestes premios os clubs deberán remitir a relación de inscritos co seu nome e apelidos e o seu número de licenza ao enderezo electrónico santiago@atletismo.gal antes do peche de inscricións. A entrega de trofeos farase ao remate de todas as probas diante da Casa do Concello. Non haberá premios nin trofeos para os/as participantes das categorías prebenxamín e pitufo. Nestas categorías entregaráselle un agasallo a cada participante.

Os e as participantes deberán colocarse na zona de saída 10 minutos antes do comezo da súa proba.

10. Aínda que a proba sexa de carácter estritamente deportivo e popular, admitiranse reclamacións, pero agárdase un espírito e un comportamento deportivo por parte de todos os e as participantes. As reclamacións dos resultados oficiais formularánselle ao xuíz árbitro da competición sen sobrepasar os 30 minutos despois da publicación dos resultados.

11. Os horarios das saídas poderán ser modificados, a criterio do xuíz árbitro da proba, en función do número de participantes de cada categoría.
12. Haberá servizo de duchas a disposición dos atletas no Pavillón Polideportivo de San Vicente e no campo de fútbol Antonio Martínez
13. Todo o non recollido neste regulamento resolverase de acordo co Regulamento da FGA e RFEA en vigor.

Establécense as seguintes categorías e horarios, segundo o ano de nacemento:

	CATEGORÍA	ANO DE NACEMENTO	DISTANCIA	HORA
PROBAS ESCOLARES	BIBERÓN	2022 E POSTERIORES	100 m aprox	13:10 h.
	PREBENXAMIN	2019 - 2021	200 m aprox.	13:05 h.
	SUB 10	2017 -2018	800 m aprox.	12:55 h.
	SUB 12	2015 - 2016	1200 m aprox	12:40 h.
	SUB 14	2013 - 2014	1200 m aprox	12: 30 h
	SUB 16	2011 - 2012	2400 m aprox	12:10 h
PROBA 5 KM	SUB 18	2009 - 2010	5k	10.00 h 5 km
	SUB 20 - 23	2008 -2004	5k	10:00 h. 5 km
	SENIOR	2003 - 1986	5k	10:00 h. 5 km
	MASTER	1985 - e anteriores	5k	10:00 h 5 km
PROBA 10 KM	SUB 20	2007-2008	10k	11:00 h 10 km
	SUB 23	2004-2005-2006	10k	11:00 h 10 km
	SENIOR	2003 - 1992	10k	11:00 h 10 km
	MASTER 1	1986-1991	10k	11:00 h 10 km
	MASTER 2	1976-1985	10k	11:00 h 10 km
	MASTER 3	1966-1975	10k	11:00 h 10 km
	MASTER 4 e seguintes	1965 e anteriores	10k	11:00 h 10 km

PERCORRIDOS

5 km

10 km



Proba de 2400 m. (2 voltas)
Proba de 1200 m.



Proba de 800 m.



Proba de 200 m.



Proba de 100 m.



OUTRAS DISPOSICIÓNS

Non está permitido o acompañamento na proba de ningún vehículo alleo á organización; nin bicicletas, patíns ou persoas non inscritas na proba que poidan acompañar, avituallar ou marcar ritmos aos participantes.

ASISTENCIA MÉDICA: A organización contará con servizos médicos e ambulancia na zona de saída/meta. Os servizos médicos e o xuíz árbitro da competición están facultados para retirar da carreira a calquera participante que manifeste un mal estado físico durante o desenvolvemento da mesma.

SEGURO: Todos os participantes estarán amparados por unha póliza de Responsabilidade Civil e accidentes deportivos, que cubrirá os accidentes que se produzan como consecuencia directa do desenvolvemento da proba. Quedan excluídos os casos derivados dun padecimiento latente, imprudencia ou inobservancia das leis, da normativa da competición, etc. Tamén quedan excluídos os casos producidos polo desprazamento ao lugar da competición ou desde o mesmo. A inscrición implica ler, entender e adquirir o compromiso que a continuación se expón: Certifico que estou en bo estado físico. Eximo de toda responsabilidade que da participación no evento puidese derivarse, á organización, patrocinadores comerciais ou sponsors, empregados e demais organizadores. Coa realización da inscrición, todo participante cede os seus dereitos de imaxe á organización, que utilizará as imaxes de acordo coa Lei de Protección de Datos.

ACEPTACIÓN DO REGULAMENTO: Todos os participantes, polo feito de inscribirse e tomar a saída na carreira, aceptan o presente regulamento, e no caso de dúbida ou de xurdir alguna situación non prevista no mesmo, resolverase de acordo ao que dispoña o Comité Organizador e polas normas da FGA, RFEA e WA en vigor.

LOPD: Todos/as os/as corredores/as ó realizar a inscrición aceptan a publicación do seu nome e imaxe nas clasificacións, medios de comunicación e/ou internet. Así mesmo autorizan á gravación e realización de fotografías e vídeos para a difusión da proba e publicidade por parte da organización e da Federación Galega de Atletismo.

NOTA: Esta proba pertence ao Calendario Oficial da Federación Galega de Atletismo e mediante a súa inscrición o corredor consinte expresamente que os seus datos básicos sexan cedidos a esta entidade para a tramitación, ante a compañía de seguros, dos seguros obrigatorios de accidentes e Responsabilidade Civil, así como a xestión da licencia de día de ránking popular e probas de ruta. En todo caso e tal como establece a Lei de Protección de datos, o interesado pode exercer no futuro os seus dereitos de acceso, rectificación e oposición mediante escrito ou correo electrónico á Federación Galega de Atletismo. Praza Agustín Díaz, s/n. 15008. A Coruña.